«(.../...) O artigo 78 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local dispón que os membros das Corporacións locais están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo. Tales responsabilidades esixiranse ante os Tribunais de xustiza competentes e tramitaranse polo procedemento común aplicable.

Así mesmo, o apartado terceiro do mesmo artigo indica que as Corporacións Locais poderán esixir a responsabilidade dos seus membros cando por dolo ou culpa grave, causasen danos e prexuízos á Corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados por aquela.

A esixencia de responsabilidade a que alude o parágrafo anterior concrétase na responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo da Administración recollido nos arts. 36 e ss. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e, a diferenza da responsabilidade patrimonial da Administración, que ten carácter obxectivo, a das autoridades e persoal ao seu servizo ten carácter subxectivo, polo que require a concorrencia de dolo ou culpa ou ben descoido grave (SSTS de 23-09-1994 e 10-05-2000).

Con todo, para poder esixir a responsabilidade subxectiva á que alude o parágrafo precedente, será preciso que ademais de apreciar dolo, culpa ou descoido grave na actuación das autoridades e funcionarios, esta causase un dano efectivo e avaliable economicamente á Corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados, tal como indica o apartado segundo do artigo 78 da Lei 7/1985.

O procedemento para o seu exercicio detállase na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e das citadas normas pódense deducir as seguintes conclusións:

-Os responsables dos actos emanados dun órgano unipersoal son quen os dita.

CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

-Os responsables de actos ou acordos emanados dun órgano colexiado son quen votase a favor dos mesmos.
-A responsabilidade esixible o é na medida en que se causase dano ou prexuízo á Administración por dolo, culpa ou descoido grave. Non por descoñecemento, impericia, falta ou erro.
-Tamén é esixible a responsabilidade por danos ocasionados a terceiros, se estes foren indemnizados pola Administración como consecuencia da devandita culpa, dolo ou descoido grave de autoridades ou persoal dela dependente.
-A responsabilidade non pode ser esixida directamente de terceiros á autoridade ou persoal ao servizo da Administración. Os particulares, para ser resarcidos, deben dirixirse á Administración e só esta pode repetir ou derivar a responsabilidade, en procedemento interno, a quen considere susceptible de responsabilidade.
-A acción para esixir a responsabilidade patrimonial aos membros dunha Corporación local prescribe ao ano da adopción do acto ou acordo que motivou o dano indemnizable.
-En canto á responsabilidade penal rexen os prazos de prescrición do Código penal e da Lei de Axuizamento Criminal.

Así mesmo, é preciso sinalar que, en materia de contratos das Administracións Públicas habemos de remitirnos á Disposición Adicional 19ª do Real Decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e actualmente á Disposición adicional 28ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que diferencian entre:

a.- Responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das AAPP derivada das súas actuacións en materia de contratación administrativa tanto por danos causados a particulares como á propia Administración que se esixirá conforme a regulación contida na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como na normativa regulamentaria de desenvolvemento da mesma.

b.- Responsabilidade disciplinaria do persoal ao servizo das AAPP, no caso de que infrinxa ou aplique indebidamente algún precepto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que se esixirá conforme á normativa especifica na materia.

Por último, partindo da suposición de que a contratación verbal e orde de execución das prestacións, é dicir, autorización e compromiso de gastos se realizase sen que existise crédito suficiente e adecuado no Orzamento da Corporación, é preciso aludir á responsabilidade persoal dos computadores de gastos e de pagos, e dos interventores cando non advirtan por escrito a súa improcedencia, de todo gasto que autoricen e de toda obrigación que recoñezan, liquiden ou paguen sen crédito suficiente, que se recolle no artigo 188 do TRLFL, que completa a redacción contida no artigo 173.5 da mesma norma e do 25.1 do RD 500/1990.

A doutrina considera que os compromisos de gastos sen consignación orzamentaria dan lugar a responsabilidade contable e poden constituír tamén malversación ou alcance se se dan os requisitos destes últimos ilícitos.

A diferenza entre unha e outra figura afecta á tramitación: así como o alcance compete en exclusiva ao Tribunal de Contas, as demais infraccións poden tramitarse pola Administración correspondente, mediante o procedemento de responsabilidade patrimonial previsto no artigo 36.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, pero en todo caso a entidade local que acorde a incoación do expediente comunicarao ao Tribunal de Contas.

Non podemos esquecer o regulado nos arts. 11 e 26 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de trasparencia, acceso á información pública e bo goberno, concretamente o art. 28.c) cualifica como infracción moi grave os compromisos de gasto, recoñecemento de obrigacións e ordenación de pagos sen crédito suficiente ou con infracción do disposto na Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria, ou na de Orzamentos ou outra normativa preceptiva orzamentaria que sexa aplicable e o apartado d) cualifica cambien como infracción moi grave a omision do tramite de intervención previa dos gastos, obrigacións ou pagos cando esta resulte preceptiva ou do procedemento de resolución de discrepancias fronte a reparos suspensivos da intervención regulado na normativa orzamentaria.

En conclusión, tal e como establece o art. 103 da Constitución, a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa dacordo con os principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito polo que as autoridades e o persoal ao servizo da mesma están obrigados ao debido cumprimento da normativa de aplicación nos diversos ámbitos de actuación dentro das competencias públicas polo que se insta a ese cumprimento. (.../...)»

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do

CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández, a interventora accidental, e o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Réxime Interior, Contratación e Desenvolvemento Económico de data 18 de marzo de 2026, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Ningún (0).

Votos en contra: Oito (8), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade e Lauda Fernández.

Abstencións: Doce (12), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Louro López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Réxime Interior, Contratación e Desenvolvemento Económico de data 18 de marzo de 2026 (CVD: vuM/CZuTW2K2x/kfbACT).

D) ***Acceso á videoacta*** **– 01:17:40 horas**

(Cando son as doce horas e dezaoito minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei)

A Sra. Presidenta dá conta da proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Réxime Interior, Contratación e Desenvolvemento Económico de data 24 de marzo de 2026 (CVD: mWiALc79UiwhZP+Taatk) de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 61173,43 euros, e concede o uso da palabra ao voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, quen di que traen a proposta ante a necesidade de pagar a sentenza que chegou nestes días.

Intervén a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta.

(Cando son as doce horas e vinte minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei)

A continuación, a Presidencia concede o uso da palabra á secretaria xeral e á interventora accidental. Interveñen a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, e o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez.

De seguido a Presidencia, a solicitude dos grupos municipais de UxC e PSdeG-PSOE, somete a votación ordinaria a proposta de deixar o asunto sobre a mesa, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catorce (14), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Louro López e Lauda Fernández.

Votos en contra: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Abstencións: Dúas (2), dos Sres.: Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Réxime Interior, Contratación e Desenvolvemento Económico de data 24 de marzo de 2026 (CVD: mWiALc79UiwhZP+Taatk) queda sobre a mesa.

E) ***Acceso á videoacta*** **– 01:27:22 horas**

(Cando son as doce horas e vinte e oito minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. González Leirós)

A continuación, vista a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE respecto das subvencións ás entidades asociativas municipais, rexistrada de entrada ao núm. 202699900001675 o día 20 de marzo de 2026, a Sra. alcaldesa intervén e manifesta que a criterio consideran que non é unha moción, que é un rogo; que en todo caso si podería formularse como unha moción se mantiveran o punto tres, pero cambiando o destinatario, porque en vez de dirixir ou instar ao goberno municipal, isto é unha competencia de pleno, e pregunta ao voceiro do PSdeG-PSOE cal é a súa postura.

Intervén o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei.

(Cando son as doce horas e trinta minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro Sr. González Leirós)

Interveñen novamente a Sra. alcaldesa e o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, quen reitera a súa postura de que se trate o asunto como moción, non como rogo.

Tras a intervención do voceiro socialista, a Sra. alcaldesa determina retirar a moción.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta **– 01:38:14 horas**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

2.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta **– 01:38:18 horas**

A Sra. alcaldesa intervén e manifesta que hai tres mocións de UxC, e que unha delas está na mesma situación que o caso anterior.

Intervén o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro.

Unha vez finalizada a súa intervención, e preguntado pola Sra. alcaldesa sobre se desexan tratar o asunto

CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

como un rogo, o concelleiro de UxC contesta que non. A Sra alcaldesa manifesta que, entón, isto non se pode tratar como moción.

A) ***Acceso á videoacta*** **– 01:40:39 horas**

A Sra. presidenta dá conta da moción do grupo municipal de UxC para solicitar a transferencia do tramo da AP9 entre Guísamo e A Coruña, á Xunta de Galicia, e concede o uso da palabra ao concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, co fin de que xustifique a urxencia.

O Sr. González Leirós di que a urxencia vén dada porque como todos saben foi publicado que a Xunta de Galicia está estudando a aprobación do proxecto de trazado da Vía Ártabra que foi anulado no seu momento; que polo tanto cren que deben empezar a expoñer de novo o tema e poñelo enriba da mesa, posto que non están resoltos problemas daquela declaración do xuíz, daquel ditame da xustiza; que deben formular á Xunta de Galicia os problemas que teñen na área metropolitana e que deben de volver sobre este asunto para que antes de que saia o documento poder falar, dialogar, negociar, transmitir á Xunta de Galicia e chegar a un acordo para que o proxecto de trazado veña máis o menos realizado de tal forma que poidan aprobalo todos e non haxa conflito.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen dá lectura á moción rexistrada de entrada ao núm. 202699900001679 o día 20 de marzo de 2026, cuxa exposición de motivos e proposta de acordos transcritos din:

«**EXPOSICION DE MOTIVOS.**

Este domingo 15 de marzo saíu un artigo, na Voz de Galicia, dun economista que alza a voz sobre a necesidade de abordar os problemas de mobilidade na área metropolitana, da inacción das administracións, (Estado, Autonomía, Deputacións e Concellos), e a falta de solucións e proxectos para resolver os mesmos. Atende este artigo sobre todo á necesidade de infraestruturas para ter un área metropolitana competitiva.

Nada novo pero si reseñable porque exponse nun momento onde a inacción por parte das administracións, por acción ou omisión, é recibida con resignación por parte da masa social e da cidadanía en xeral. Ao final do artigo clama porque sexa a cidadanía a que alce a voz e clama: *"Esixir con máis forza solucións e proxectos á altura do que esta comarca xa é."*

O titular do artigo é: *"Identificados los problemas ¿Quién debe solucionarlos?."*

Non podemos estar máis de acordo con esta conclusión e disto vai esta moción.

Atendendo a cumprir os obxectivos de Política Territorial previstos no Plan Sectorial aprobado no ano 2004, o Concello de Cambre, por unanimidade, en pleno do pasado mes de febreiro aprobou o seguinte acordo:

1.- Declarar libre de peaxe a área interior ao Plan Sectorial Viario da área Metropolitana da Coruña, **propoñendo a fin da peaxe no intercambiador de Guísamo.**

Ante a necesidade de facer efectivo o acordo adoptado vénsenos respondendo por parte da Xunta de Galicia, Consellería de Vivenda e Infraestruturas, coas seguintes consideracións:

1.1. Que existe concesión da AP9, en vigor, e por tanto o Ministerio titular da vía condiciona a que resólvase tal concesión, no tramo de liberalización.

CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Aclarar que o Ministerio nos seus informes, en ningún caso negou a posibilidade de conectar coa AP9, sen peaxe, senón que impón, que previamente a comunidade autónoma resolva a carga económica coa concesionaria.

1.2. Ponse en cuestión por parte do Ministerio, derivado dun informe da concesionaria, o posible colapso do tramo Guísamo – A Coruña debido ao incremento de tráfico procedente das vías que se conecten (por exemplo a Vía Ártabra).

Como solución propoñen aumentar a AP9 cun carril máis no tramo Catro Camiños (Cambre) á Coruña.

Isto supoñería aboar as obras á concesionaria e como consecuencia ampliar o prazo de concesión.

Esta proposta exporía ademais o problema de como abordar este terceiro carril en tramos urbanos xa consolidados como O Burgo, en Culleredo.

1.3. Outra solución ao posible e discutible problema da sobrecarga é a de actuar mediante aplicar un proceso de selección e, neste caso, discriminación.

Isto é impoñer peaxe na conexión da Vía Ártabra coa AP9. A teoría é que a imposición de peaxe fai que se autoseleccione o tráfico que vai usar a AP9 entre os que poden pagar e os que non poden. Esta solución implica como consecuencia un menor incremento do tráfico, o que elimina a necesidade de aumentar os carrís no tramo antes mencionado. Pero ao mesmo tempo significa unha decisión discriminatoria, ao introducir a premisa: *"o viario de alta capacidade para quen poida págalo"*, contraria ao espírito do Plan Sectorial na consecución dos seus obxectivos, que RECORDAMOS:

A) DESENVOLVEMENTO SOCIO - ECONÓMICO:
B) A "VERTEBRACIÓN TERRITORIAL": EQUILIBRIO TERRITORIAL E COHESIÓN SOCIAL.

Sendo os **Requisitos** propostos para conseguir os obxectivos comprometidos:

□ A NON EXISTENCIA DE ÁREAS DE PEAXE. no ámbito do Plan Sectorial Viario.

□ CONSOLIDACIÓN DUNHA MALLA VIARIA de comunicación, que favoreza a mobilidade entre todos os Concellos.

SITUACIÓN ACTUAL E PROPOSTAS DE SOLUCIÓNS.

Pasados 21 anos sen que as administracións apostasen por executar o compromiso pactado coa Aprobación do Plan Sectorial Viario da Área Metropolitana da Coruña é necesario contextualizar, a día de hoxe, a situación en que nos atopamos para abordar propostas de solución.

a) En canto a acordos que afectan á cesión da AP9 á Comunidade Autónoma.

Acordo unánime do Parlamento Galego sobre o traspaso da AP9 á Comunidade Autónoma.

Pacto de investidura PSOE, BNG.

b) En canto a Actuacións de Liberalización de Peaxes en Áreas Urbanas na última década:

Área Urbana Vigo – Pontevedra:
Circunvalación cidade de Vigo.
Liberalización dous tramos Vigo - Redondela.
Liberalización dous tramos Vigo - Moaña.
Área Santiago Compostela: Circunvalación cidade de Santiago Compostela, acceso a Cidade da Cultura.

CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

c) En canto ás necesidades no dia a dia da mobilidade da Área do Plan Sectorial;

A improrrogable necesidade de superar os atrancos: *"Eliminación das peaxes e formulación da trama"*, na área urbana da Coruña.

Entendemos como posible abordar cuestións como o traslado inmediato do tramo Guísamo-Coruña á Xunta de Galicia e a súa modificación na clasificación do viario.

É necesario poñer enriba da mesa que a execución da Vía Ártabra ten que conseguirse ata o seu remate. Remate que ten como destino a A6, pasando pola conexión coa AP9, libre de peaxe.

Non deixar no esquecemento a execución do Viario 11- 17, entre a rotonda do club de tenis e o enlace coa AP9

Cuestións necesarias e non resoltas, que nos obrigan a rescatar este esquecido asunto para poñelo encima da mesa da axenda política. Esta é unha débeda histórica que se ten coa área Metropolitana da Coruña e en concreto co Concello de Cambre.

Neste sentido lembramos que aproveitando que todos os grupos parlamentarios que votaron, por unanimidade, reclamar a cesión da AP9 para a comunidade autónoma e tamén o pacto de investidura entre o BNG e PSOE coa mesma condición. O Concello de CAMBRE, aproba no pleno do 20 de novembro do 2020 a seguinte proposta: *"A potenciación de ámbitos de entendementos entre as tres administracións (Concellos, Xunta e Fomento) para dar solucións ás reclamadas necesidades: Liberalización das peaxes na interior da área Metropolitana; compromisos que fixen datas de execución; orzamentos e administracións responsables para a consecución dos obxectivos propostos".*

Esta proposta foi aprobada sen ningún voto en contra.

Polo momento non se recibiu nin comunicación, nin contestación, nin aviso de tal proposta

POLO EXPOSTO VOLVEMOS A RECLAMAR ESTE ASUNTO E PROPOÑEMOS:

Solicitar ás administracións Estatais, Comunidade Autónoma, Deputación, tecido asociativo, asociacións empresariais, Cámara de Comercio e da cidadanía en xeral, retomar e reivindicar o espírito de consenso e entendemento na aceptación e aprobación, no ano 2004, do Plan Sectorial Viario do Área da Coruña.

O obxecto non é outro que executar e consolidar aquel proxecto viario o que sen dúbida representase unha mellora substancial na mobilidade e polo tanto no desenvolvemento socio económico, equilibrio territorial e cohesión social, no ámbito do que se denomina Área Metropolitana no seu primeiro cinto.

ISTO SUPON:

1.-Eliminación das peaxes na área do Plan Sectorial Viario da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada.

2.-Consolidación da trama viaria mediante a execución das transversais ao interior da área do Plan sectorial:

Eixe Sta. Cruz (Oleiros), Seixal (Cambre), Aeroporto, conectando con A-6 (Arteixo) e Terceira Ronda (A Coruña).

Consolidación do trazado da Vía Ártabra entre a N-VI e a A-6, con conexión na AP-9, coa condición, xa requirida, de eliminación da peaxe.

3-.Como proposta de solución a concesión da AP9, SOLICITAR a transferencia do tramo dende Guísamo ata a Coruña do Estado á Comunidade Autónoma como primeiro paso para a resolución do solicitado traspaso da totalidade da AP9.

CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

4.- Remitir este acordo a todas as administracións sinaladas, concellos implicados, axentes sociais, asociacións veciñais e empresariais e Cámara de Comercio.»

(Cando son as doce horas e corenta e catro minutos auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Louro López, que se reincorpora cando son as doce horas e corenta e seis minutos)

Interveñen a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de UxC, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catorce (14), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Louro López e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal de UxC, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

B) *Acceso á videoacta* – 01:58:31 horas

A Sra. presidenta dá conta da moción do grupo municipal de UxC para instar a Augas de Galicia ao arranxo das pontes sobre o Mero e da sinalización da senda, e concede o uso da palabra á voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, co fin de que xustifique a urxencia.

A Sra. Pan Lesta di que a urxencia vén motivada polos danos que hai, sobre todo nas pontes de madeira que atravesan o río Mero, en especial a que está na zona do Noceiro, pero tamén esa outra ponte que está na Barcala e que leva pechada máis dun ano; e di que cren que é o momento de falar deste tema, sobre todo vendo a documentación que lles mandou onte o goberno pola tarde.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen dá lectura á moción rexistrada de entrada ao núm. 202699900001679 o día 20 de marzo de 2026, cuxa exposición de motivos e proposta de acordos transcritos din:

«**Exposición de motivos**

O 28 de outubro, a Xunta de Galicia subía unha nota de prensa a súa páxina web que titulaba: *"La Xunta y el Ayuntamiento de Cambre firmarán un convenio para el arreglo de infraestructuras en el río Mero. La intervención comprometida, con una inversión estimada de cerca de 900.000 euros, se centrará en una extensión de unos 17 kilómetros".*

CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Nos mesmos termos se expresaba a alcaldesa de Cambre que anunciou tamén o dito convenio e mesmo aceptou incorporarlle as melloras que solicitou AV mediante unha moción levada a pleno nese mesmo mes que se aprobou por unanimidade.

Dende ese momento, e pese a solicitar tanto a través de rogos en comisións informativas e mesmo en pleno polos distintos grupos municipais, o dito convenio nunca se nos foi entregado descoñecendo se a día de hoxe Cambre ten asinado ese convenio ou non.

Exposición de motivos

Mentres descoñecemos se está asinado ou non o dito convenio, o certo é que as pontes sobre o Mero seguen deteriorándose e a sinalización tamén está a sufrir danos importantes, coa desaparición incluso dela nalgunhas zonas.

A ponte sita fronte á rúa Muíños, na Barcala, que leva pechada máis dun ano sen avance ningún, a pesar de que o Concello de Cambre advertiu e pediu unha solución para ela xa en febreiro de 2025, baixo o goberno de UxC, súmase dende hai tempo ao mal estado da Ponte do Noceiro, onde xa se actuou en maio do 2024, pero onde hai varias madeiras do chan que presentan unha situación preocupante.

Ponte do Noceiro onde, tal e como comunicou a voceira de UxC nalgunha ocasión á alcaldesa, tamén se manipulan os bloques que hai para acceder ao paseo en vehículos, e así atravesar a ponte con vehículos a motor, algo que ocorre, sobre todo, no verán ou coincidindo con celebracións festivas en Cambre.

Tampouco se atopa en moito mellor estado a ponte sobre o Mero que comunica A Barcala con Almeiras, con ocos importantes no chan da ponte sobre todo na zona dos postes que unen a pasarela, así como todo o seu pasamáns.

Ao estado das pontes, súmase o deteriorado estado dos sinais do paseo, que entre os que case non se ven pola sucidade se suman os que están totalmente rotos ou deteriorados polo paso do tempo que impide ver o que poñen e algúns que xa desapareceron totalmente, como é o caso da sinaléctica explicativa que había no Noceiro ou nos Caneiros.

A situación do mobiliario urbano, bancos e papeleiras, nalgunhas zonas de acceso como o de Cela non presentan mellor situación o que fai imprescindible unha actuación profunda para a súa conservación o mesmo, nalgúns casos, a súa substitución.

Destacar tamén que os bloques rochosos situados para tentar que os vehículos con motor non accedan á senda, en moitas ocasións aparecen movidos precisamente para permitir ese acceso. A presenza de vehículos a motor nalgúns puntos da senda, sobre todo próximos ás pontes de cruce sobre o Mero, non axudan para nada á conservación da contorna.

Achéganse, con esta moción, un documento con fotografías de zonas localizadas ao longo do paseo do Mero que precisan unha actuación urxente, e que podería terse en conta á hora de demandar melloras á administración autonómica.

Xunto a todo isto, cabe engadir que dende que se autorizou o paso de tractores pola senda para facer labores forestais, entendemos, danouse gravemente o firme do paseo. Nesas zonas faise preciso a reposición do firme ao longo de todo o ancho así como reparar as zonas nas que se acumulou auga e lodo debido á súa deterioración polo paso dos vehículos.

CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Se ben o Mero e toda a súa senda é de competencia de Augas de Galicia, tamén é certo que o Concello de Cambre ten a obriga de reclamar ás administracións competentes o mantemento das súas infraestruturas xa sexa con traballos de mantemento como de actuacións de investimento cando sexa necesario. Sacando actuacións puntuais que se levaron a cabo ao longo dos anos, como ese arranxo puntual da Ponte do Noceiro en 2024, é certo que esta senda que leva construída xa en 2007 precisa dunha actuación importante por todo o exposto de cara a garantir a seguridade dos seus usuarios e a conservación dun medio natural único en toda a área metropolitana.

Visto todo o que antecede, e tendo en conta que hoxe Cambre conta cun goberno do Partido Popular, segundo as atribucións que ten conferidas o pleno en virtude do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases do réxime local e no artigo 63 do Regulamento orgánico municipal proponse ao pleno a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. Instar a Augas de Galicia ao arranxo e apertura da Ponte da Barcala que se atopa pechada dende hai máis dun ano
2. Instar a Augas de Galicia ao arranxo da Ponte do Noceiro así como á revisión do resto de pasarelas de madeira que hai sobre o Mero
3. Instar a Augas de Galicia á renovación da sinalización da senda do Mero
4. Instar á alcaldesa de Cambre a que dea traslado a toda a Corporación do convenio asinado coa Xunta en relación co Mero
5. Dar traslado desta moción a Augas de Galicia»

(Cando son as trece horas auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Prieto Lamas, que se reincorpora cando son as trece horas e dous minutos)

Interveñen o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o concelleiro de AV, Sr. Castro Uzal, a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de UxC, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaseis (16), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Louro López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal de UxC, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

3.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

***Acceso á videoacta* – 02:18:29 horas**

Non se dá conta de ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

***Acceso á videoacta* – 02:18:32 horas**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 107 resolucións numeradas da 132 á 238 do ano 2026, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
132/2026	23-02-2026	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal do artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 27/10/2025, xa que segundo o disposto no artigo 22.4 da ordenanza, non está debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: NCL
133/2026	23-02-2026	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de febreiro de 2026
134/2026	23-02-2026	Rectificar o punto primeiro da parte dispositiva da Resolución da Alcaldía núm. 75/2026, do 29 de xaneiro, que resolve aprobar o reintegro dos fondos non xustificados da subvención concedida ao Concello de Cambre para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no exercicio 2021, a prol da Xunta de Galicia
135/2026	23-02-2026	Conceder a licenza para o cambio de uso do local comercial sito na rúa Pígara, O Temple, a vivenda e para as obras de adecuación correspondentes. Solicitante: JMLlB
136/2026	23-02-2026	Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar a situar no lugar de Lendoiro (parcela C), parroquia de Cecebre. Solicitante: CGM
137/2026	23-02-2026	Tomar coñecemento de que o cadáver de MPF falecida o día 30 de decembro de 2025, foi inhumado no cemiterio municipal de Cambre en data 31 de decembro de 2025
138/2026	23-02-2026	Tomar coñecemento de que o cadáver de HTV, falecido o día 2 de febreiro de 2026, foi inhumado no cemiterio municipal de Cambre, en data 3 de febreiro de 2026
139/2026	23-02-2026	Asignar o número 5 baixo exterior esquerda ao local destinado a vivenda situado na rúa Pintor Pablo Manzano
140/2026	23-02-2026	Tomar coñecemento de que as cinzas de JSGdelaT, falecido o día 10 de xaneiro de 2026, foron depositadas, no cemiterio municipal de Cambre en data 15 de xaneiro de 2026
141/2026	23-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: RSA
142/2026	23-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica

CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

		e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ARS
143/2026	23-02-2026	Conceder a licenza municipal solicitada para as obras de ampliación de oficina de farmacia no lugar de Volteiro, parroquia de Cecebre. Solicitante: MJPS
144/2026	23-02-2026	Tomar coñecemento de que as cinzas de MFR falecida o día 30 de xaneiro de 2026, foron depositadas no cemiterio municipal de Cambre en data 2 de febreiro de 2026
145/2026	23-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MCZM
146/2026	23-02-2026	Conceder o duplicado da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JLL
147/2026	23-02-2026	Considerar desistida a MSNC a solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 30/10/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
148/2026	23-02-2026	Tomar coñecemento de que o cadáver de JASP falecido o día 26 de decembro de 2025, foi inhumado no cemiterio municipal de Cambre en data 27 de decembro de 2025
149/2026	23-02-2026	Conceder a licenza para o cambio de uso do local comercial sito na rúa Emilia Pardo Bazán, O Temple, a vivenda e para as obras de adecuación correspondentes. Solicitante: JGF
150/2026	23-02-2026	Considerar desistida a MCPM da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 20/10/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
151/2026	23-02-2026	Comparecencia no procedemento ordinario nº 37/2026 pola interposición de recurso contencioso-administrativo contra a inactividade do Concello na aprobación do proxecto de reparcelación do SAU RD2 así como ANEXO V: Proxecto de expropiación para a ampliación viaria para a conexión con sistemas xerais do Plan de sectorización do S.A.U. RD2-CASTROBOO
152/2026	23-02-2026	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do programa das escolas de actividade física e saúde ano 2025 correspondente ao mes de maio 2025 por un importe total de mil 1.321,28 €
153/2026	23-02-2026	Aprobar a liquidación do Imposto sobre o valor engadido do segundo trimestre do ano 2025. Aprobar a liquidación do Imposto sobre o valor engadido do terceiro trimestre do ano 2025. Aprobar a liquidación do Imposto sobre o valor engadido do cuarto trimestre do ano 2025, - Aprobar o mandamento de pago e o pagamento de 25.286,26 euros a prol da Axencia Estatal da Administración Tributaria
154/2026	24-02-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
155/2026	25-02-2026	Nomear como técnica de integración social interina, encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares, pertencente ao grupo de clasificación profesional “B” e adscrita á Área de Servizos Sociais, a LHR para o desenvolvemento do proxecto Amarí dirixido á inclusión social da poboación xitana, cunha duración ata o 30 de abril do

CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		2027
156/2026	25-02-2026	Considerar desistida a DFdeS da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 24/10/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
157/2026	25-02-2026	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 20/01/2026, xa que segundo o disposto no artigo 22.1 da ordenanza reguladora, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2 da ordenanza, o saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: FDML
158/2026	25-02-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: AMR
159/2026	25-02-2026	Conceder a licenza municipal solicitada para a substitución de dous postes existentes no lugar de Castrobó, parroquia de Anceis, co fin de posibilitar a compartición de infraestruturas telefónicas aéreas. Solicitante: TdeE, SA
160/2026	25-02-2026	Aprobar a lista definitiva dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao concurso candidatos para nomeamentos interinos de enxeñeiros técnicos industriais
161/2026	26-02-2026	Facer rendibles excedentes temporais de tesourería por importe de 22.000.000 euros, mediante a súa colocación a prazo fixo por un período de tres meses, solicitando a tal fin a presentación de ofertas as entidades financeiras con sede na praza
162/2026	26-02-2026	Comparecer no procedemento ordinario 45/2026 sobre la medida cautelar solicitada por la parte recorrente Edar Bens SA, perante o Tribunal de instancia, sección do contencioso-administrativo praza número 1 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da excma. Deputación provincial
163/2026	26-02-2026	Autorizar a EBD, funcionaria de carreira do Concello de Cambre, pertencente á escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, grupo A, subgrupo A2, a prórroga da comisión de servizos no posto de xefa da Unidade Técnica de Infraestruturas I na Zona Centro de Portos de Galicia que está ocupando
164/2026	26-02-2026	Conceder a licenza para o cambio de uso do local comercial sito na Travesía da Igrexa, O Temple, a vivenda e para as obras de adecuación correspondentes. Solicitante: MVL
165/2026	27-02-2026	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para adxudicar o contrato baseado para a contratación dunha póliza de dano materiais do Concello de Cambre. Adxudicar o contrato baseado para a contratación do seguro de danos materiais do Concello de Cambre á empresa CAJA DE SEGUROS REUNIDOS S.A. CASER, cunha prima total ofertada de 19.120,06 €, por ser o licitador que realizou unha mellor oferta de acordo cos criterios de adxudicación
166/2026	27-02-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de marzo de 2026
167/2026	27-02-2026	Conceder a LGS a licenza por estudos mentres dure o curso selectivo de carácter obrigatorio (do 2 marzo ao 1 de xuño de 2026) previsto na Orde TDF/780/2024, do 23 de xullo

CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

168/2026	27-02-2026	Ordenar a JRF como propietario da nave de taller electromecánico V8 sita na rúa Polígono, O Temple, Cambre que proceda de xeito inmediato ao valado perimetral da zona, de maneira que se asegure tanto a protección das persoas como dos bens e á retirada controlada dos elementos da cuberta para evitar desprendementos cara a vía pública, con perigo para as persoas e os bens, de acordo co disposto polos artigos 135, 136 e 141 da Lei 2/2016
169/2026	27-02-2026	Delegación no concelleiro don Manuel Castro Uzal para a celebración do matrimonio civil de BMT e JMC que terá lugar o día 7 de marzo de 2026, ás 12.00 horas
170/2026	27-02-2026	Aprobar a nómina do mes de febreiro de 2026 que por un importe total retribucións brutas 292.300.06 euros
171/2026	02-03-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de data 26.02.2026, tendo en conta o informe do coordinador da área de data 27.02.2026. Recoñecer e liquidar obrigas por un importe total de 1.900,00 euros, en concepto de premios do concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido 2025. Recoñecer e liquidar obrigas por un importe total de 2.200,00 euros en concepto de gratificacións ás comparsas e carrozas participantes, segundo as bases para este concurso, por importe individual de 100,00 € á comparsa participante 300,00 € a cada unha das 7 carrozas con dereito
172/2026	02-03-2026	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 5 de marzo de 2026
173/2026	02-03-2026	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros para o xoves 5 de marzo de 2026, ás 11:30 horas
174/2026	02-03-2026	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 2/2026 por un importe de 40.000,00 euros
175/2026	03-03-2026	Nomear a SSPdeO conserxe interina encadrada na escala de administración xeral, subescala subalterna, pertencente ao grupo de clasificación profesional: outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación, para a substitución transitoria do titular do posto
176/2026	03-03-2026	Nomear como técnica de integración social interina, encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos auxiliares, pertencente ao grupo de clasificación profesional “B” e adscrita á Área de Servizos Sociais, a MLL para o desenvolvemento do proxecto Prisma dirixido á educación e apoio familiar ás familias en situación de exclusión social,
177/2026	03-03-2026	Aprobar a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a elaboración de relación de candidatos/as para nomeamentos de técnicos/as de Administración Xeral interinos/as. Aprobar a designación dos membros integrantes do Tribunal cualificador. Convocar aos membros do Tribunal cualificador para o vindeiro 7 de abril ás 9:00 horas para a constitución do mesmo e preparación do primeiro exercicio da fase de oposición
178/2026	04-03-2026	Aprobar o pagamento dos gastos en concepto de recargo da Seguridade Social pendentes de pago a 25 de febreiro de 2026, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos por importe total de 9.522,46 euros
179/2026	04-03-2026	Aprobar e dispor o gasto, recoñecer e liquidar obrigas a prol de Instalaciones Electricas Coruñesas, S.L. por importe de 8.943,43 €, en concepto de xuros devengados, en execución de sentenza núm. 142/2025 do Tribunal de instancia, sección do contencioso administrativo praza núm.. 3 da Coruña recaída no Procedemento ordinario 215/2024, así como o seu pagamento e

CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		realización do pago mediante transferencia
180/2026	04-03-2026	Aprobar e dispor o gasto, e recoñecer e liquidar obrigas a prol de Instalaciones Eléctricas Coruñesas S.L. por importe 1.472,94 €, en concepto de xuros devengados, en execución de sentenza núm. 176/2026 do Tribunal de instancia, sección do contencioso administrativo praza núm. 2 da Coruña recaída no procedemento abreviado 128/2025, así como o seu pagamento e realización do pago mediante transferencia
181/2026	03-03-2026	Autorizar e dispor o gasto, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes ás facturas e aprobar a ordenación e realización do seu pagamento mediante transferencia a conta titularidade de Naturgy Iberia S.A, en execución de sentenza núm. 196/2025, de data 18.12.2025 da Sección do contencioso administrativo, do Tribunal de Instancia de A Coruña, Praza 1 recaída no Procedemento ordinario 136/2024. Autorizar e dispor o gasto, así como recoñecer e liquidar obrigas a prol de Natugy Iberia, S.A., por importe 600,92 euros en concepto de xuros legais devengados dende a data 19.01.2024 ata a data de pago das facturas, en execución de sentenza núm. 196/2025, de data 18.12.2025 da Sección do contencioso administrativo, do Tribunal de Instancia da Coruña, Praza 1 recaída no procedemento ordinario 136/2024, así como o seu pagamento e realización do pago mediante transferencia
182/2026	03-03-2026	Aprobar a autorización e disposición do gasto complementario en concepto de liquidacións de recargo por presentación fóra de prazo do modelo 111 de Retencións e ingresos a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de rendas correspondente ao período de setembro de 2025 importe recargo reducido 704,97 € a aboar
183/2026	04-03-2026	Convocar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para o xoves día 5 de marzo de 2026, ás 14:30 horas
184/2026	04-03-2026	Convocar sesión extraordinaria da Comisión Especial de Contas para o día 27 de marzo de 2026, ás 11:00 horas
185/2026	05-03-2026	Aprobar as facturas e gastos por importe de 2.355,81 euros
186/2026	05-03-2026	Convocar sesión extraordinaria do Pleno municipal para o martes 10 de marzo de 2026, ás 11.00 horas
187/2026	06-03-2026	Nomear como técnica A2 de xestión de administración xeral, subescala técnica, clase técnicos medios, e adscrita ao departamento de Cultura, a RAP, por acumulación de tarefas e por un período de nove meses, de conformidade co artigo 23 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
188/2026	06-03-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 10 de marzo de 2026
189/2026	06-03-2026	Conceder a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Estorrentada, parroquia de Cambre. Solicitante: MªJRP
190/2026	06-03-2026	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 24/10/2025, xa que, segundo o disposto no artigo 22.4 da ordenanza reguladora, non está debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: ABC
191/2026	06-03-2026	Considerar desistido a JAR da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 11/12/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento

CVD: GKeb0OU+q04Ip2P2jUzs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

192/2026	06-03-2026	Considerar desistida a LMC da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 10/09/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
193/2026	06-03-2026	Ordenar a IBS que proceda á limpeza da maleza existente nas fincas sitas en Wenceslao Fernández Flórez, Cambre
194/2026	06-03-2026	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: AKRM
195/2026	09-03-2026	Designar a FMGN, técnico de administración xeral, en funcións de xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, como membro da Comisión de garantías da avaliación do rendemento e do desempeño
196/2026	06-03-2026	Considerar desistido a MT da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal do artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 25/11/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
